



## / O que fixemos... /

### Cantos populares en el C.C. de Elviña.

Ás veces, cando menos o esperas, un día que podería ser coma outro calquera, convírtese nun día especial. Ou polo menos iso foi o que me aconteceu a min.

Ben, imos ao asunto. O que lles quero contar é algo moi simple, que para min resultou ser algo maravilloso. Coñecer un grupo de xente extraordinaria: crianzas, adolescentes, persoas de mediana idade e até xente á que se lles chama maiores só polo seu carné de identidade (non pola correspondencia co seu espírito).

Entrando, pois, no que nos ataíña, direilles que un compañeiro meu do Fórum Metropolitano faloume da Asociación Tanxedoira, da que me dicía que era un grupo ideal para min: unha persoa namorada do teatro e da música. Pois aí que fun eu sen pensalo dúas veces. A boa sorte, ou o que tamén se podería dar en chamar casualidade, foi que durante eses días celebraban os corenta anos da asociación cunha comida no Sporting Club Casino á cal fun convidado. Ao principio estaba un pouco indeciso, mais ao fin decidín acudir. "Roberto, onde te metes! Que non coñeces a ninguén!", dicía eu para min. Ao chegar sentáronme con xente á que denominar de maravillosa quedaría curto. As persoas que estaban conmigo tamén sabían o ben que o pasei durante o xantar. Foi algo incríbel! Desde ese mesmo día eu xa fun un máis da familia, porque así é Tanxedoira: unha verdadeira familia.

Aquí na Asociación todo é unha festa. Hai quince días actuaron cos seus "cantos de taberna" (o que veñen sendo cantos tradicionais e populares) no Centro Cívico de Elviña. E digo que actuaron porque eu non sabía aínda esas cancións, mais aínda así desfrutei escoitando os meus compañeiros e compañeiras coma se eu mesmo estivese a cantar. A xente que alí estaba, que case enchían a sala xa que había un grande número de persoas, paso uno en grande e acompañaron en moitos momentos as

cancións. De feito, gostei tanto da actuación que agardo ansiosamente poder acompañalos en futuras ocasións.



*Elviña tamén gozou dos nosos cantares.*

En resumo, eu só pododo dicirlles que me sinto moi feliz por pertencer a Tanxedoira.

Que viva a música! E que viva o teatro! 🎵

**Roberto Veira.**

### Excursión cultural comezo do curso o 29/9.

Ola a todos e a todas. Vouvos contar o día tan bonito que pasamos na excursión que fixemos neste inicio de curso. Tiñamos a saída para as nove da mañá, mais xa sabedes que sempre hai quen queda durmido. Pero iso é o de menos.

Sáímos cara Padrón e, como non, para despertar, tomamos un café con churros para comezar o día. Así, o primeiro que fixemos foi visitar a Casa Museo de Rosalía de Castro. Para moitos era a primeira vez que a visitabamos e encantounos, cos seus xardíns e as súas camelias de distintas cores. Eu, nese contexto, non podía deixar de imaxinar o como tería sido aquel xardín en tempos de Rosalía. Ademais, puidemos ver a casa moi ben conservada co seu encanto literario. A verdade é que ficamos moi felices de visitar ese lugar.

Continuamos hacia Poio e quero que vexades que sorte: recibíunos un dron no mosteiro de San Xoán. O motivo era porque había unha voda con xente moi

elegantemente vestida. Nós, pola contra, estábamos moito máis cómodos na nosa roupa e, sobre todo, co noso calzado. Con este contraste mezclámonos entre os convidados e visitamos o mosteiro, do que gostamos moito.



Na casa de Rosalía en Padrón.

Logo saímos cara Combarro. Tamén tivemos moita sorte nesta ocasión, xa que había unha feira medieval. E entre a música e o vestiario de época sentímonos moi a gusto e buscamos un sitio onde xantar. Non nos custou moito, xa que había un moi bo ambiente. Outras persoas que foron á excursión levaron un taper. Todos pasámolo estupendamente. A media tarde fomos até A Lanzada, unha Praia moi grande e moi bonita. Mais como baixou a néboa tivemos que trocar o bañador pola chaqueta. Alí tivemos a oportunidade de visitar a ermida de Nosa Señora da Lanzada e un castro que está no mesmo lugar e que recibe o mesmo nome.

Ao regreso fixemos un alto no local de Tanxedoira para dar conta dos restos que traíamos no taper de volta. A verdade é que nos puxemos morados e así pasamos un día estupendo en moi boa compañía e cantando as nosas cancións de sempre. Estamos esperando xa ir á seguinte excursión!

**Carmen Cabrero.**

## Comellada de principio de curso.

O pasado seis de outubro tivo lugar a tradicional comida de curso da asociación. A nosa mundialmente coñecida como “comida del traje”: Yo TRAJE croquetas, yo TRAJE tortilla, yo TRAJE empanada... Entendédesme, non si?

Pois iso. Este ano os “trajes” foron moi variados e puidemos desfrutar de pizzas e empanadas caseiras, ensaladas rusas, tortillas, morcillas de Burgos, embutidos variados e... percebes! Si, tal e como o ouvides! O ano pasado houbo mexillóns e este ano PER-CE-BES!

E, por suposto, todo un surtido de postres: tartas de queixo, biscoitos e froita para os máis sanos, que non todo van ser calorías.



Unha foto antes de comezar a enchente.

Despois de desfrutar da comida, Chus e unha servidora estivemos tocando un rato a guitarra (a falta de David, nós fixemos o que puidemos, verdade, Chus?) e a xente, timidamente, cantou un pouco.

Este ano fomos poucos, a verdade, pero con moita simpatía e complicidade entre todos e todas nós. Para o próximo ano agardamos que moita máis xente se anime, xa que as festas, canto máis concorridas, mellor! 📍

**Leticia Riestra.**

## Actuación na Residencia Sanitas.

O pasado día 20 de outubro, unha vez máis, as voces de Tanxedoira foron ben recibidas na súa visita á Residencia de Sanitas para ofrecer aos residentes, familiares e amigos un repertorio de Cantos populares! 📍

**Tanxedoira.**



1-WA0021  
*Tratamento con cancións para alegrar corazóns e mentes.*

## Os soños fanse realidade en Tanxedoira...

O pasado sábado 17 de novembro cumpríronse moitos soños: soños de moitos anos de esforzo e traballo; soños de moitas persoas de que se lles recoñeza a paixón por facer desfrutar os espectadores; soños de representar no lugar que merece tanto amor polo benestar alleo. Mais sobor de todo, o soño dun director involucrado até as orellas en que o seu grupo teña o recoñecemento mediático que merece.

No espectacular Centro Sociocultural do Ágora, xuntáronse máis de 300 persoas para desfrutar dunha impresionante representación da zarzuela Agua, Azucarillos y Aguardiente, levada a escena polo grupo de Teatro e coa incommensurable axuda do Coro e a Escola de Danza Carmen.



*Detrás do pano.*

Foi unha tarde de moitos nervios e concentración entre os máis de 30 integrantes subidos ás táboas, mais grazas á maravilhosa dirección de Jesús García

e a inestimábel axuda na sombra de Chus, a representación saíu tan ben que arrincou gargalladas e aplausos ao longo de toda a hora que durou a obra e cos espectaculares números musicais que se interpretaron. Mais o colofón foi desfrutar dese inmenso aplauso final con todo o público asistente posto en pé.

A ilusión de formar parte de este maravilloso elenco fainos soñar en grande. Así que agora só nos resta continuar a poñer gañas, esforzo e máis ilusión aínda para seguir a demostrar que en Tanxedoira... OS SOÑOS CÚMPRENSE!! 📌

*María Pilar Fernández.*

## Aqueles maravillosos anos!



9/5/1995 O alcalde Paco Vázquez inaugurando o local da asociación no Mercado de Elviña.

## / A destacar.../

### Axenda

📌 12 de novembro.

#### CONCURSO POSTAL DO NADAL.-

Abriuse o prazo para presentarse ao concurso de postais de Nadal, o cal establece dúas categorías: Adultos, para maiores de 14 anos e, Infantil, para menores de 14 anos. Data límite para a presentación de traballos o 8 de decembro.

📌 1 de decembro.

**CANTOS POPULARES.-** Voces de Tanxedoira actuarán en DomusVi as 17:00 horas. Avda. Rosalía de Castro 10. Oleiros.

📅 6 de decembro.

**CANTOS POPULARES.-** O grupo de Tanxedoira cantará en DomusVi (Matogrande). Rúa Federico García 2. Hora 18:00.

📅 15 de decembro.

### **FESTIVAL DE NADAL.-**

Coa actuación de alumnado de diferentes áreas, que se completará coa participación dos grupos artísticos da asociación, ademais da entrega de premios, recoñecementos, etc.

C. C. Novo Mesoiro. Rúa Os Ancares 15. 17:00 horas. Entrada de balde.

📅 22 de decembro.

**CANTOS POPULARES.-** Residencia Ballesol. Rúa Cormorán 3. Oleiros. Hora: 17:00.

## Concurso Postal do Nadal.

Aínda o estás pensando? Anímache a participar e a gañar o concurso. Creo! Sabes que tes posibilidades. Tes información no apartado Axenda e na web de Tanxedoira.

## / Non perdas.../

### Lotaría de Nadal.

Mantemos o mesmo número de Lotería Nacional que xogamos o pasado Nadal, e que corresponde á data de creación da asociación.



Puntos de venda:

-No local de Tanxedoira, os venres de 20:00 a 22:00 horas, horario de atención da directiva.

-Na administración de Lotaría de Carrefour (Avda. Alfonso Molina) no seu horario de apertura.

Sorte!